

## **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DO LIXO**

### **ARTIGO 1º.- Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2.4, Reguladora das Bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 da Lei 39/88, do 28.12, reguladora das facendas locais, este concello establece a Taxa pola RECOLLIDA DO LIXO presente na ordenanza fiscal, normas que atenden ó previsto na Lei de Facendas Locais.

### **ARTIGO 2º.- Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2. A tal efecto, considerase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, dereitos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou dos que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, de profilaxe ou de seguridade.

### **ARTIGO 3º.- Suxeitos pasivos.**

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas naturais e xurídicas nacionais ou estranxeiras, e as entidades á que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que coma propietarios, arrendatarios ou calquera outra clase de título usen, dispoñan, ocupen ou disfruten as vivendas, establecementos comerciais, industriais ou profesionais ou exerzan outra actividade neste termo municipal, aínda que eventualmente e por vontade das mesmas non procederan ó uso do servizo.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

3.- Entenderase por recepción obrigatoria a prestación do servizo a tódalas vivendas que estean aptas para ser habitadas. No caso de establecementos comerciais, profesionais e industriais que se atopen pechados, aplicarase unha tarifa mínima idéntica á tarifa de vivendas.

4.- No suposto de que dentro dunha vivenda se realiza unha actividade económica, aplicarase a cota correspondente á actividade realizada segundo as tarifas sinaladas no anexo da presente ordenanza.

### **ARTIGO 4º.- Responsables.**

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributaria do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### **ARTIGO 5º.- Beneficios fiscais.**

Soamente se admitirán nesta taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas nos tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de lei.

Asemade, atendendo ó establecido no artigo 24.4 do RDL 2/2004, TRLRFL, sobre criterios de capacidade económica dos suxeitos pasivos de taxa, establece a seguinte BONIFICACIÓN:

- Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota da taxa, os suxeitos pasivos –pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa sempre e cando cumpran a seguinte condición:
  - Contar con ingresos por unidade familiar, no exercicio da solicitude, que non superen os 9.000,00 € ó ano.

Esta bonificación concederáse para cada exercicio, debendo solicitala os suxeitos pasivos antes do 1º de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos, e aportando os seguintes documentos:

- Certificado de empadramento da familia
- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a bonificación.

Declaración de IRPF dos integrantes da familia: No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formulasen declaración de IRPF poñeráse de manifesto esta circunstancia na solicitude e a Administración de Tributos do concello recabará a información sobre os ingresos da AEAT.

#### **ARTIGO 6º.- Cota tributaria.**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

#### **ARTIGO 7º.- Devengo.**

1. Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o intre no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza da recepción obrigatoria do mesmo, cando este a establecido en funcionamento o servizo municipal de recollida ou locais utilizados polos contribuínte suxeitos á taxa.

A estes efectos considérase establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario en todo o termino municipal. A delimitación de casco urbano e rural ás efectos dos distintos epígrafes sinalados no anexo e á sinalada coa liña vermella no plano da cidade que se achega ó anexo da ordenanza; que en sínteses sinala a delimitación dende as inmediacións da ponte Internacional seguindo vía norte pola Avda. De Portugal, Martínez Padín, Bispo Salvado, ata a Ponte Sarabia, Bº Estrada, Cª Baiona, (no cruce coa subida ó Monte Aloia), seguindo a liña férrea ata subida ó Anxo e inmediacións das instalacións da “Seat” na estrada xeral N-550, dende alí collendo liña perpendicular ó río Miño e bordeando este, ata de novo as inmediacións da Ponte Internacional.

2. Establecido e en funcionamento o referido, as cotas devénganse o primeiro día do período que sinala a tarifa da taxa, ou no seu caso, a data que se realice o feito imponible.

#### **ARTIGO 8º.- Declaración e liquidación.**

1. A taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente.
2. Se utilizará o servizo sen mediar solicitude darase a alta de oficio no padrón, liquidarase e notificarase a mesa ós interesados sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3. Unha vez producida a alta no correspondente padrón a liquidación desta taxa acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, etc,...)

#### **ARTIGO 9º. Ingreso.**

1. As cotas desta taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentala correspondente solicitude polos períodos non declarados, producíndose a alta no correspondente padrón.

2. Unha vez producida a alta, a taxa exaccionarase polo padrón esixíndose o importe da mesma no prazo que sinale a tarifa da taxa, ou nos prazos que sinale o Organismo Autónomo ORAL

3. A cobranza da taxa realizarase a elección do abonado, por calquera dos seguintes procedementos: Domiciliación en conta bancaria, ou pago na entidade bancaria que sinale o ORAL.

4. A cota anual liquidarase por períodos trimestrais e o seu ingreso efectuarase conxuntamente co prezo público polo subministro da auga.

#### **ARTIGO 10º.- Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

##### **PRIMEIRA.- DECLARACIÓN DE ALTA**

Os suxeito pasivos substitutos do contribuínte formularán a declaración de alta nos censos ou padrón da taxa e surtirá efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

##### **SEGUNDA.- DECLARACIÓN DE BAIXA**

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuíntes formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguindo ó de presentación da mesma podendo, no seu caso prorratearse por meses.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación nas sesións celebradas coas datas: 26.09.89, 30.12.91, 02.12.94, 31.10.2001, e 10.12.2003, ....entrando en vigor unha vez transcorridos os prazos que sinala o artigo 17 do RDL 2/2004 TRLRFL e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas

1.6.1.-VIXENTES	2,29
1.6.2.-De censos anteriores	9,55
1.6.3.-As certificacións que se expidan para os efectos de matriculación nos colexios públicos de EXB, FP, BUP e Conservatorio de Música-Escola de Musica, sitios neste termo municipal, que serán gratuítas:	
1.7.-Certificacións Catastrais de fincas rústicas ou urbanas	10,77
1.8.-Declaracións xuradas, autorizacións e comparecencias	3,82
1.9.-Compulsas de documentos:	
1.9.1.-PRIMEIRO PREGO	1,75
1.9.2.-Segundo prego e seguintes, sempre que pertenzan ó mesmo documento por prego	0,38
1.9.3.-As compulsas para matriculación nos centros que se sinalan nos apartados 1,63, e para opositar a convocatorias de prazas deste concello, serán gratuítas.	
1.10.-Por calquera outro documento ou expediente non expresamente tarifado	3,82
1.11.-Esbozos orixinais de atestados de tráfico feitos pola P. Local	15,39
1.12.-Copias de fotografías, idem. anterior	1,92
1.13.-Anuncios de particulares no BOP, prensa, etc, que terán que aboar ,previamente, na Tesourería Municipal o custe da publicación.	
1.14.-FOTOCOPIAS DE DOCUMENTOS OBRANTES NESTA ADMINISTRACIÓN, POR CADA UN	0,12
1.15.-Copia total de planos e ordenanzas do PXOU:	
a) por exemplar	354,51
b) por folla solta	3,93
1.16.-Copia total de planos e ordenanzas do PCH:	
a) por cada exemplar	287,08
b) por folla solta	1,70
1.17.-Fotocopia de ordenanzas e regulamentos municipais, por cada exemplar	4,31
1.18.-Disco para estacionamento na zona azul	0,60
1.19.-Volantes de empadramento	0,75
2.-As débedas non satisfeitas en voluntaria esixiranse pola vía de constrinimento.	

#### Anexo á Ordenanza da Taxa de Recollida do Lixo

A estrutura e contía desta Taxa Ó ANO, será a seguinte:

1.-No casco urbano:	EUROS/ANO
1.-Actividades profesionais, sen ter en conta a superficie do local e pequenos negocios con superficies inferiores a 40 m <sup>2</sup> , excluídos os non incluídos noutros apartados	132,31
1.2.-Fondas, pensións, surtidores e outros locais comerciais,cunha superficie superior a 40 m <sup>2</sup> ou inferior a 90 m <sup>2</sup> e non incluídos noutros apartados	233,36
1.3.-Comercio polo miúdo de calquera clase de productos alimenticios e bebidas en xeral cunha superficie inferior a 90 m <sup>2</sup>	378,22
1.4.-Pensións e outros establecementos cunha superficie de 90 a 250 m <sup>2</sup> , excluídos os comercios polo miúdo de calquera clase de productos alimenticios e bebidas en xeral	630,27
1.5.-Industrias, restaurantes, cines,e comercio polo miúdo de calquera clase de productos alimenticios e bebidas en xeral cunha superficie ata 250 m <sup>2</sup>	756,30
1.6.-Ídem anterior superficie de mais de 250 m <sup>2</sup>	1.483,10
1.7.-Supermercados, hoteis, areas comerciais, entidades financeiras, e similares, cunha superficie de 90 ata 250 m <sup>2</sup>	945,33
1.8.-Entidades financeiras cunha superficie de mais de 250 m <sup>2</sup>	1.853,92
1.9.-Vivendas	84,79
2.-Fóra da delimitación do Casco Urbano:	
2.1.-Locais comerciais con superficie inferior a 250 m <sup>2</sup> , sinalarlles unha tarifa anual de	126,17
2.2.-Entidades financeiras, discotecas, pubs e similares de superficie ata 250 m <sup>2</sup>	984,71
2.3.-Entidades financeiras, discotecas, pubs e similares de superficie superior a 250 m <sup>2</sup>	1.931,13
2.4.a)- Talleres, almacéns e fábricas industriais, emprazados fóra de zonas sinaladas no PXOM como polígonos industriais sinalarlle unha tarifa anual de	189,33

2.4.b) Ídem anterior, emprazados dentro de zonas sinaladas no PXOM como polígonos industriais, sinalarlles un tarifa anual seguintes, segundo a súa superficie:

Ata 250 m <sup>2</sup>	189,33€
De 251 a 500 m <sup>2</sup>	230,35€
De 501 a 750 m <sup>2</sup>	442,98€
De 751 a 1000 m <sup>2</sup>	549,30€
De 1001 a 1250 m <sup>2</sup>	1.160,61€
De 1251 a 1500 m <sup>2</sup>	1.568,15€
De 1501 a 1750 m <sup>2</sup>	1.971,26€
De mais de 1750 m <sup>2</sup>	2.653,45€
2.5.-Balnearios	1.893,25
2.6.-Casa de turismo rural e similares cunha superficie de 90 m <sup>2</sup> a 250 m <sup>2</sup>	88,34
2.7.-Idem. anterior de máis de 250 m <sup>2</sup> de superficie	176,66
2.8.-Vivendas	55,33
3.-No casco urbano ou fóra da delimitación do mesmo:	
* Urbanizacións, como no casco urbano	
3.1.-Estacións de servizo, de autobuses	787,84
3.2.-Comercio mixto ou integrado en grandes superficies ou hipermercados, hoteis, hostais, moteis, cunha superficie superior a 250 m <sup>2</sup> e ata 300 m <sup>2</sup> , sinalarlles unha tarifa anual	3.786,60
3.3.-Ídem anterior, de mais de 300 m <sup>2</sup> e ata 400 m <sup>2</sup> , sinalarlles unha tarifa anual de	5.679,85
3.4.-Ídem anterior, de mais de 400 m <sup>2</sup> e ata 1000 m <sup>2</sup> , sinalarlles unha tarifa anual de	7.536,25
3.5.-Ídem anterior, de mais de 1000 m <sup>2</sup> , sinalarlles unha tarifa de	8.835,37

4.-As débedas non satisfeitas en voluntaria serán satisfeitas na vía de constrinimento.

5.-A alta no padron farase ó titular da vivenda ou ó seu cónxuxe, debendo ser en ámbolos dous casos, o mesmo que figure no Padrón da Taxa de subministro de auga e no caso do exercicio de actividades comerciais, industriais ou profesionais, ás persoas naturais ou xurídicas que figuren de alta no IAE.

A alta terá efectos dende o momento da solicitude, que formule a parte interesada, para conexión de auga, apertura de establecemento, ou dende o comezo do desenvolvemento da actividade.

6.-As cotas sinaladas anteriormente por local ou vivenda, serán independentes aínda que pertenzan ó mesmo propietario e teñan comunicación interior.

7.-A cota anual liquidarase por períodos trimestrais.

*Anexo á Ordenanza da Taxa de Sumidoiros, así como de tratamento e depuración de augas residuais, incluída a vixilancia especial de sumidoiros particulares.*

1.-A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

	€/ano	€/trim.
1.1-Por utilización de servizo		
1.1.1.-Por cada vivenda	44,05	11,01
1.1.2.-Establecementos comerciais e mercantís, non sinalados nos epígrafes seguintes	139,99	35,00
1.1.3.-Cafeterías e bares	248,27	62,07
1.1.4.-Restaurantes con servizo de cafetería ou bar	495,63	123,91
1.1.5.-Hoteis, hostais, sen cafetería, bar ou restaurante e empresas, de menos de 10 camas ou obreiros	248,27	62,07
1.1.6.-Ídem. anterior, entre 10-20 camas ou obreiros	427,57	106,89
1.1.7.-Ídem anterior con máis de 20 camas, discotecas, "pubs" similares; e, empresas cun número superior a 20 obreiros	495,63	123,91
1.1.8.-Hoteis hostais con cafetería ou bar, con menos de con menos de 20 camas	498,40	124,60
1.1.9.-Ídem anterior , con máis de 20 camas	580,70	145,17
1.1.10.-Hoteis, Hostais, con mais de 20 camas e restaurante	644,96	161,24
1.1.11.-Ídem.anterior, o exceso por cama e obreiro	28,91	7,23
1.1.12.-Establecementos de comercio ó por maior ou por menor de calquera clase de produto alimenticio ou bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en almacén ou supermercados cando a súa superficie sexa inferior a 120 m <sup>2</sup>	434,82	108,71
1.1.13.-Ídem anterior superior a 120 m <sup>2</sup>	543,82	135,88